ADDENDA O CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE BOVEDA PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA AO PROXECTO SENLLEIRO DE RENOVACIÓN DE PARQUES INFANTÍS NO CONCELLO DE BÓVEDA, DENTRO DA CATEGORÍA DE "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DA VIDA SOCIAL, CULTURAL E EDUCATIVA DA COMARCA".

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, María Paz Rodríguez Rivera, directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 132/2024, do 20 de maio, (DOG nº 97 de 21 de maio de 2024) actuando en virtude do seu expresado cargo, e no exercicio das facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección, do 27 de maio de 2026 (*DOG* núm. 112, do 17 de xuño).

Doutra parte, José Manuel Arias López, na súa condición de alcalde do Concello de Bóveda, NIF P2700800B, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante esta addenda e,

EXPOÑEN

Primerio.- O 29 de xullo de 2026 a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Bóveda asinaron o Convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Bóveda para a concesión dunha subvención directa ao proxecto senlleiro de Renovación de parques infantís no Concello de Bóveda, dentro da

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qPpgnxUjsDk1 https://sede.xunta.gal/cve

categoría de "promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca" (expediente CNV26-031).

Segundo.- O 22 de setembro de 2026 o Concello de Bóveda presenta unha solicitude de ampliación do prazo de xustificación dos gastos que fundamenta na necesidade de subscribir a presente addenda en: *" (...) A empresa inicialmente proposta para a adxudicación, presentou a correspondente documentación de renuncia, circunstancia que fixo necesario continuar a tramitación do procedemento coa seguinte empresa clasificada, a necesidade de valoración da documentación e da proposta técnica da segunda clasificada, así como de emitir o correspondente informe técnico para comprobar o seu axuste ás prescricións establecidas no proxecto e o rexeitamento da oferta presentada pola segunda empresa clasificada, ao comprobarse, segundo o correspondente informe técnico, que os xogos propostos para a súa instalación non se axustaban ás prescricións establecidas no proxecto técnico, circunstancia que obrigou a continuar novamente a tramitación do procedemento para formular unha nova proposta de adxudicación"*, e polo que

SOLICITA

Unha ADDENDA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE BÓVEDA PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA AO PROXECTO SENLLEIRO PARA "RENOVACIÓN DE PARQUES INFANTÍS NO CONCELLO DE BÓVEDA" DENTRO DA CATEGORÍA DE PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DA VIDA SOCIAL, CULTURAL E EDUCATIVA DA COMARCA", consistente na ampliación do prazo de xustificación das obras ata o 15 de novembro de 2026.

Terceiro.- Para garantir a adecuación técnica, coherencia e execución do proxecto senlleiro no seu conxunto é preciso ampliar o prazo de xustificación e vixencia do convenio ata o 15 de novembro de 2026, o que aconsella a subscrición dunha addenda sen mudar o obxecto do mesmo nin ningún dos seus elementos esenciais.

Cuarto.- Esta solicitude supón a modificación da cláusula quinta "xustificación dos gastos" e novena "Vixencia".

Os puntos sinalados do convenio dispoñen:

- A cláusula **quinta** "Xustificación dos gastos"

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qPpgnxUjsDk1 https://sede.xunta.gal/cve

"De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.10.2026 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2026".

- A cláusula **novena** "Vixencia"

  "O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 15 de outubro de 2026, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2026".

Tendo en conta o anterior, ambas partes acordan a sinatura desta addenda de conformidade coas cláusulas que a continuación seguen:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto da presente addenda é modificar o convenio nos seguintes termos:

- A cláusula **quinta** "Xustificación dos gastos" queda redactada como segue:

  De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2026 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2026.

- A cláusula **novena** "Vixencia" queda redactada como segue:

  O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 15 de novembro de 2026, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2026.

SEGUNDA.- A presente addenda rexerase polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qPpgnxUjsDk1 https://sede.xunta.gal/cve

TERCEIRA.- As partes asinantes deberán cumplir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto da addenda se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Bóveda acepta e consinte a remisión da addenda, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido desta addenda será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

CUARTA.- O incumprimento de calquera das cláusulas desta addenda constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionaís, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qPpgnxUjsDk1 https://sede.xunta.gal/cve

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, https://notifica.xunta.gal. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, os interesados poden autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Esta addenda obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, as partes asinan a presente addenda no lugar e data arriba indicado.

María Paz Rodríguez Rivera
(P.D. Acordo do Consello de Dirección do 27.05.2026)
Directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

José Manuel Arias López
Alcalde do concello de Bóveda

Asinado por: MARIA PAZ RODRIGUEZ RIVERA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 08/10/2026 13:47:57

Asinado por: ARIAS LOPEZ, JOSE MANUEL
Cargo: Alcalde (Concello de Bóveda)
Data e hora: 08/10/2026 10:16:25

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qPpgnxUjsDk1 https://sede.xunta.gal/cve

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal